

Luis López Fernández

Investigador

**JUAN ESTEIN, UN ARTISTA DE NACIONALIDADE SUIZA,
ENTERRADO NO CEMITERIO DAS CALDAS**

¿Que tiene el Barriga Verde?.

Pues eso: que no es nuevo, que es eterno.

Vicente Risco

O «Ciclotermalista» vai enriba da bicicleta coa mochila as costas, pola veira dereita do río Miño, camiño das Pozas do Maimón -onde din que afogaron a un bispo fai anos-. Leva pasado un día tras outro por diante do pequeno cemiterio das Caldas sen darlle mais importancia, pero hoxe non leva presa, ve a porta de entrada aberta, e decide botar unha ollada o interior, ponlle a cadea a «bici» e pasa a porta de ferro. A mirada vaille axiña os grandiosos mausoleos que se topa de fronte, vai paseando e vai lendo Familia Menéndez, Familia Muñoz, Familia Prada Álvarez, Familia Fernández Nóvoa, Familia Moretón Fernández, Familia Tabarés Castro, Familia Barbosa Cardero, Familia Abeijón Veloso, Fundación Florencio Álvarez-M^a Teresa. O «Ciclotermalista» xa oíra falar destas familias, xentes que chegaron de Castela, o principio como vendedores ambulantes e logo foron establecéndose a maioría no que foi Concello de Canedo a calor da estación do tren, montaron negocios de almacéns de coloniais facendo fortuna.

O «Ciclotermalista» vai botando unha ollada, ata que pegado o muro oeste se topa con un modesto mausoleo baixo e alongado que lle chama a atención. Queda abraiado cando lee na fronte do mesmo: «AQUÍ REPOSAN LOS RESTOS DEL MALOGRADO ARTISTA JUAN ESTEIN DE NACIONALIDAD SUIZA AHOGADO EN EL RÍO MIÑO EL 29 DE JUNIO DE 1915 A LOS 24 AÑOS R.I.P.» Entralle unha curiosidade infinda, da volta o redor, bótalle unha ollada ó interior... logo abre a cremalleira da mochila e vai sacando bolígrafo, caderno, cinta de medir e cámara dixital, e ponse a escribir o seguinte: mausoleo con portada e cabeceira orientada ó Oeste, lonxitude de 2,60 m., anchura de 1,30 m., altura de 1,55 m., muros e cabeceira planos, cuberta de bóveda de canón incompleta, úsase como material ladrillo oculto por unha ampla capa de cemento.

Non ten vans agás a portada, a cal é unha modesta imitación clásica feita en boa parte con un conglomerado que imita ó mármore. Nos extremos ten dúas columnas amosadas ó muro en forma rectangular con bases e capiteis decorados con sinxelas molduras semiesféricas horizontais que sosteñen un frontón triangular, que estivo posiblemente rematado con unha cruz. As dimensións da portada son: frontón 1,35 por 0,50, columnas 1,35 por 0,20, bases do capitel 0,25. A medida da porta de reixería é de 1,25 por 0,40.

O «Ciclotermalista», con paciencia, bota unha ollada o interior entre as pezas da porta de reixería, e volve a quedar abraiado, ...¡xa pasaron case cen anos e aínda se conservan obxectos e figuras tal como foron colocados! Na cabeceira un pequeno altar de ladrillo bastante deteriorado, os lados restos de candelabros de louzas rotos, un pequeno nicho de madeira e dentro del unha cruz tamén de madeira, a ámbolos dous lados tamén dúas pequenas esculturas tapadas por un papel despendurado do fondo, un rosario de contas de madeira colgado na parede esquerda suxeito por alcaiatas, estas tamén están penduradas polas paredes do teito, o que debeu ser un cadro pendura na parece dereita, e por último dunha parede a outra colgan coroas de flores moi estragadas.

Saca fotografías e volve gardar tódolos que sacou na mochila, bótaa as costas, achégase a unha señora que esta poñendo flores nun sartego e preguntalle se sabe algo so mozo alí soterrado, tamén lle pregunta o garda do cemiterio, que e está nunha caseta a entrada do mesmo, pero ninguén sabe nada. Colle a bicicleta levando a cabeza chea de preguntas: un artista que se afoga no río Miño, que o soterran no humilde cemiterio das Caldas, ninguén sabe nada del, e ademais é de nacionalidade suíza. Aquela noite durme pouco cavilando en como solucionar o «misterio», e só ve dous camiños: o xornal *La Región* de Ourense, e as actas de defunción da Parroquia das Caldas.

A mañá cedo, rastrexando os ollos co sono, vai a Biblioteca Pública na rúa do Concello, e solicita os números do xornal nas datas da morte de Juan Estein, o funcionario explícalle que ditos números non están á disposición dos lectores dado o estragados que se atopan, o «Ciclotermalista» síntese rendido, máis o funcionario sempre amable e comprensivo venlle á memoria que hai unha colección de «microfilms», e ámbolos dous atopan os do mes de xuño do ano 1915. Saca a lupa e vai lendo con dificultade o seguinte título a dúas columnas: LA DESGRACIA DE AYER —UN AHOGADO EN EL RÍO MIÑO, logo en letra miúda: ...MORTAL ACCIDENTE... PUENTE MAYOR... LA PIEDRA... LA CAÑA EN EL AGUA...SE ECHÓ AL AGUA EL PESCADOR PARA RESCATARLA... PERO ALÚN ACCIDENTE DEBIÓ... PERTENECÍA A UNA TROPA DE TITIRITEROS QUE SE GANABAN LA VIDA DANDO ESPECTÁCULOS POR LOS PUEBLOS. Fai unha paradiña no traballo, e respira fondo, atopou algo no que non confiaba, e ponse a razoar: A TROPA DE TITIRITEIROS, INSTALOUSE NO BARRIO DAS CALDAS ONDE VAI ACTUAR ESTA NOITE. JUAN, COMO TEN A TARDE DESOCUPADA, ACORDA IR DE PESCA Ó RÍO MIÑO QUE ESTÁ ALÍ CERCA. NUN DESCUIDO, CAÉLLE A CAÑA Á AUGA, INTENTA RECUPERALAMETÉNDOSE NO RÍO, NON CONSEGUE SAÍR E ALÍ

MORRE AFOGADO. Os compañeiros quixeron enterralo alí, preto do lugar da súa morte, e deixarlle o agarimo cos obxectos humildes alí depositados, logo seguirían de vagabundos dun lugar a outro. ¿Verían desde Suíza escapando da Guerra Mundial?.

O «Ciclotermalista» sempre foi home mais de escoitar que de falar. Metido nunha charca entre os vapores e o apoucado sol do inverno, venlle a memoria o que viu e o que escoitou sobre aquela xente humilde, que alegraba ós veciños dos pobos por onde pasaban.

Moi neno, nos anos corenta, unha mañá viñan ocupando o ancho da carreiteira en Mariñamansa -o tempo pasaban moi poucos coches- viñan bailando, cantando e tocando pandeiretas e outros instrumentos, vestían roupas de cores moi vivos, no medio deles un gran oso pardo, con unha cadea o redor do pescozo, que se ía levantando sobre as patas traseiras e que era o pasmo de todos. Decía a xente que viñan de Hungría. Xa no principio dos anos cincuenta, outro grupo, instalouse con dous carromatos na Praza de Almirante Topete –hoxe Manuel Sueiro- no barrio sur de Ourense. A veciñanza entón moi numerosa apuraba a cea para «ir ver os títeres», alí formando un gran círculo, as primeiras filas sentados no chan e as últimas de pe, sen megafonía e case sen luz, presenciabamos os nenos malabaristas, o can bailarín, cantos e bailes andaluces, o «artista» que tocaba o violín e contaba chistes e outras cousas que non lembro. Despois da actuación durante tres días emprenderon a marcha a outros lugares.

O Sr. Puga, que polos anos trinta vivía en Melias, parecíalle que os titiriteros viñan de Ourense, a veces facían actuacións nos baixos das casas cobrando entrada, outras veces fora onde «pasaban a gorra». Levaban cine mudo, contaban chistes, a xente burlábase deles porque xa os sabían, trocábanse insultos choqueiros. A cousa remataba con «as fitroques», un baile popular no que participaban todos, era o mais esperado sobre todo polos xoves.

O Sr. Cesáreo de Covelas (Macendo-Castrelo de Miño), que tamén os viu nos anos trinta, conta que o dono do «taloxo» -taberna e café rústico- de Meizo chamado Mariano, que tiña uns bigotes moi grandes e revirados cara arriba, contratava os titiriteiros para achegar os clientes. Viñan nun carromato tirado por unha mula, eran un home, a súa muller e dúas fillas pequenas, facían bastante ben. Saía a muller a bailar, e o home cantaba:

Mi suegra es tan infernal
 Como las garras de un león
 Me llama siempre con ira
 Pericón, pericón, pericón

O Sr. Barreira que viviu nos anos corenta no concello de Oimbra (Ourense), cóntao así: Os titiriteiros eran cingaros, estranxeiros, tanto homes como mulleres levaban na cabeza lazos de cores que lle caían para atrás, algúns levaban panos tamén de cores. O espectáculo consistía nun oso suxeito polo pescozo ou polo fouciño con unha cadea, este ía poñéndose de pe a vez que un home levantaba unha vara diante do seu corpo repetindo a frase «latatun, latatun», tamén se practicaban saltos, bailes e outras cousas. O final sorteaban algunha cousa, como unha botella de coñac, que valía entón sobre corenta pesetas, cantidade entón importante, e que alegraba moito o premiado, pois a «tira» de seis números para o sorteo valía un real (25 ctmos. de peseta).

Para rematar, o «Ciclotermalista», lembra o que foi sen dúbida, durante moitos anos, o rei dos títeres e tamén dos monifates: O «Barriga verde» instalábase no fondo da Alameda do Concello durante as festas de Corpus, unha pobre barraca de madeira sobre un chan de terra, diante un par de bancos corridos sen respaldo, para os primeiros espectadores, atrás quedaban os outros de pe. No fondo, unha cortina e na parte alta un pequeno escenario por onde saían os monifates. Tiña dúas partes; unha de pequena duración, con humildes pallasos e equilibristas que servía de entrante, e a segunda a máis importante coa actuación dos monifates. A xente participaba berrando, rindo, animando ós personaxes, que representaban a vida cotián do pobo, levados con humor e con gran profundidade psicolóxica. Sen horario fixo, daba comezo tan pronto se xuntaba un grupo de xente. Todo remataba cunha frase que berraban ó mesmo tempo un monifate e os espectadores: «Morreu o «Barriga Verde» e acabouse a peseta». Unha peseta era o que costaba a localidade. Pero é mellor quen o conte Vicente Risco, nun artigo que aparece no diario *La Región* de Ourense, no ano 1949, co título «Hay que ir allí».

«Porque está allí donde está el BARRIGA VERDE ¿qué tiene el Barriga Verde? La gente no lo sabe pero va. La gente no lo sabe pero vuelve. El payaso que toca el tambor probablemente, de Lérez o de otro sitio por el estilo, lo que hace el muchachito que se quita los pantalones –lleva otros por debajo– en equilibrio en una tabla puesta sobre un cilindro de madera, no tiene mucho particular, en la barraca hace un calor tremendo... sin embargo no hay allí una cara triste, la gente se ríe, la gente se divierte. Claro es que la gente se divierte con los monifates. Lo demás es relleno. Lo interesante es el gallego, el portugués, el cura, el toro, la muerte y el diablo, la gracia de sus palabras y de sus movimientos. Pero nada de esto es nuevo. ¿Qué tiene pues el Barrigaverde? Pues eso: que no es nuevo, que es eterno».



Vista lateral del sepulcro



Fachada del sepulcro



Interior del sepulcro



Frontón